

**NORMATIVA REGULADORA DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE  
DOTACIÓN DE PRAZAS DE AXUDANTE VINCULADAS A NECESIDADES  
DOCENTES E Á CALIDADE INVESTIGADORA  
(Aprobada por acordo do Consello de Goberno do 9de marzo de 2007)**

Os orzamentos para o ano 2007 recollen a creación dun total de 15 prazas de profesorado en formación, cunha dupla finalidade: en primeiro lugar, crear prazas de profesorado en formación naquelas áreas que utilizaron conxunturalmente a figura de profesor asociado e solicitaren a súa reconversión (5 prazas); en segundo lugar, estimular o traballo daqueles grupos de investigación cuxa produción atinxa unhas cotas de excelencia (10 prazas). Caso de haber máis prazas que solicitudes nalgunha das modalidades, acumularase o custo económico destas prazas á outra modalidade.

A presente normativa ten por obxecto regular a asignación desas prazas de axudante en condicións de publicidade, de transparencia, de obxectividade, de concorrencia competitiva e de non discriminación.

#### Artigo 1.- OBXECTO

Establecer as bases que van rexer o proceso de asignación de axudantías de nova creación a áreas/departamentos ou grupos de investigación de calidade e aprobar a convocatoria correspondente.

#### Artigo 2.- MODALIDADES

Establécense dúas modalidades de asignación:

- Modalidade A, por reconversión de profesores asociados.
- Modalidade B, por excelencia investigadora

#### Artigo 3.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

##### Modalidade A

Poderán solicitar unha axudantía de nova creación aquelas áreas de coñecemento/departamentos que propoñan a minoración da dedicación de profesores asociados da área. A área de coñecemento/departamento solicitante deberá ter cuberto o 80% da súa (\*)*capacidade docente* con docencia de 1º e 2º ciclo.

##### Modalidade B

Poderán solicitar unha axudantía aqueles grupos de investigación inscritos no catálogo de investigación da UDC. A área de coñecemento/departamento para a que se solicita a praza debe ter cuberto o 70% da súa capacidade docente con docencia de primeiro e segundo ciclo. Cada grupo só poderá solicitar unha praza de axudante. Aos grupos que obtivesen unha praza nalgunha das convocatorias anteriores multiplicaráselles a puntuación final por 0,6. Os grupos que obtiveron praza nas dúas convocatorias anteriores non poderán participar na presente convocatoria.

*(\*) A capacidade docente dunha área de coñecemento/departamento calcúlase multiplicando o número de profesores da área pola dedicación máxima de cada tipo de praza.*

#### 4.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Na modalidade A, serán criterios que se ponderarán na concesión de axudantías:

a) A participación da área/departamento en procesos de renovación pedagóxica, especialmente a vinculada ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Na modalidade B, serán criterios para ponderar:

a) O número de sexenios concedidos nos últimos 8 anos aos integrantes do grupo de investigación, tendo en conta que o número de sexenios por profesor neste período nunca poderá ser superior a 1.

b) Os recursos externos obtidos polo grupo nos últimos 6 anos mediante axudas oficiais, convenios ou contratos de investigación. Computaranse os recursos obtidos desde xaneiro do ano 2000.

#### 5.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes serán remitidas á Reitoría polos departamentos antes do 20 de abril, mediante unha instancia formalizada dirixida ao vicerreitor de Profesorado e acompañada dunha memoria xustificativa da petición. Para a modalidade A será preciso o informe favorable do Consello de departamento.

Reunidas todas as solicitudes, a Vicerreitoría de Profesorado comprobará que estas presentan toda a documentación, e requirirá, caso contrario, a súa reparación nun prazo máximo de dez días. Se non se corraxir a falta de documentación, declararase arquivada a solicitude por renuncia das persoas solicitantes.

A Vicerreitoría de Profesorado poderá solicitar os informes que considerar oportunos para acreditar os requisitos ou méritos que se alegaren.

Despois de se instruíren as solicitudes, remitiranse á COAP, que elaborará a proposta de resolución con base nos criterios de selección, que para a modalidade B serán os seguintes:

1. Adxudicar un 50% de valoración total ao número de sexenios concedidos nos últimos 8 anos ás persoas integrantes do grupo de investigación .
  - 1.1 A puntuación máxima deste apartado será de 6 puntos. Os 3 primeiros sexenios terán unha valoración dun punto, do cuarto ao sexto 0,5 puntos e 0,25 puntos do sexto en adiante.
2. O 50% restante incluírá os seguintes conceptos:

- Patentes, modelos de utilidade e outros resultados da investigación, en especial os que produzan unha transferencia tecnolóxica ao sector produtivo.
- Participación en proxectos de investigación que se obtivesen en convocatorias públicas e competitivas.
- Participación en contratos de investigación de especial relevancia en empresas ou na Administración pública e noutras entidades de recoñecido prestixio.

2.1 Rexistro da propiedade industrial e intelectual. Puntuación máxima: 5 puntos. No caso de que algunha das solicitudes superase o máximo, farase a ponderación correspondente.

2.1.1 Patentes e rexistros da propiedade industrial e intelectual comercializados ou licenciados en explotación: 2 puntos por patente.

2.2. Participación en proxectos de investigación que se obtivesen en convocatorias públicas e competitivas: puntuación máxima 15 puntos. No caso de que algunha das solicitudes superase o máximo, farase a ponderación correspondente. Teranse en conta para a valoración todos os membros do grupo solicitante pertencentes á Universidade da Coruña. A puntuación correspondente aos membros do grupo, en cada proxecto, non pode nunca superar a puntuación correspondente ao investigador principal. As puntuacións reduciranse á metade se o investigador ten dedicación parcial ao proxecto, agás no caso do investigador principal.

2.2.1. Bolseiros de investigación de ámbito estatal adxudicados de forma competitiva ao proxecto de investigación: 5 puntos por bolseiro.

2.2.2. Proxecto europeo: investigador principal (6 puntos), coordinador de grupo (3 puntos), investigador (2 puntos), bolseiro ou contratado (1 puntos)

2.2.3. Proxecto estatal: investigador principal (4 puntos), coordinador de grupo (2 puntos), investigador (1 puntos), bolseiro ou contratado (0,5 punto)

2.2.4. Investigador Comunidade Autónoma: investigador principal (2 puntos), investigador (0,75 puntos), bolseiro ou contratado (0,25 puntos)

2.2.5. Outros proxectos: puntuacións proporcionais aos demais proxectos en función das características da convocatoria e do seu ámbito internacional, provincial ou local.

2.3. Participación en contratos de investigación de especial relevancia en empresas ou na Administración pública e noutras entidades de recoñecido prestixio. Puntuación máxima 5 puntos. No caso de que algunha das solicitudes superase o máximo, farase a ponderación correspondente.

2.3.1 Puntuación segundo o tipo de participación: dirección técnica, asesoría técnica, investigación, xestión.

2.4. Captación de recursos. Puntuación máxima: 7 puntos.

2.4.1. Ingresos totais por proxectos e por contratos de investigación, por actividades de asesoría, por auditorías, por informes técnicos, por informes xurídicos etc. [A puntuación tope é igual para cada ámbito científico e acadaría o grupo do ámbito que obteña o resultado total de recursos maior sempre que supere a cantidade de 600.000

euros para os ámbitos tecnolóxico, ciencias experimentais e da saúde, e de 200.000 euros para o ámbito de ciencias sociais e xurídicas e humanidades, e logo ponderarase a puntuación para o resto dos que concorren nese ámbito en relación cos límites anteriores].

Utilizarase a distribución de áreas de coñecemento entre os ámbitos de humanidades, ciencias sociais e xurídicas, ciencias experimentais, ciencias da saúde e tecnoloxía e enxeñaría utilizada pola CNEAI.

A resolución final será adoptada polo Consello de Goberno.

O reitor convocará os concursos de provisión das prazas no prazo máximo dun mes desde a realización do Consello de Goberno.

**Grupo de investigación:**

**Responsable:**

**Modalidade:**

**Departamento:**

**Área:**

<b>Membros do Grupo</b>	<b>Categoría</b>	<b>Toma de posesión</b>	<b>Sexenios últimos 8 anos</b>

**Proxectos de investigación**

<b>Título do proxecto</b>	<b>Importe</b>	<b>Organismo</b>	<b>Ano</b>	<b>Investigador principal</b>	<b>Investigadores participantes</b>

**Convenios / Contratos e Asistencia Técnica**

<b>Título do contrato</b>	<b>Importe</b>	<b>Organismo</b>	<b>Ano</b>	<b>Responsable</b>	<b>Asinante</b>

**Patentes e rexistros da propiedade industrial e intelectual**

<b>Título da patente</b>	<b>Nº Solicitud</b>	<b>Data</b>	<b>Inventores</b>

TOTAL DE PROXECTOS:

IMPORTE:

TOTAL CONVENIOS / CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA:

IMPORTE:

TOTAL PATENTES:

IMPORTE: